

## INSTRUCCIÓN DO VICERREITOR DE ESTRATEXIA E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA

### SOBRE A POSIBILIDADE DE FINANCIAR E IMPUTAR BOLSAS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN CON CARGO AO ARTIGO 64

#### “GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL”

En virtude da autorización que lle concede a disposición adicional primeira das bases de execución do orzamento de 2006, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica dita a presente instrucción coa finalidade de posibilitar que durante o exercicio económico 2006 se poidan financiar e imputar bolsas e contratos de investigación con cargo ao artigo “gastos en investimentos de carácter inmaterial” (64).

O antecedente temporal inmediato desta instrucción constitúeo a Resolución reitoral de 25 de abril de 2005 que posibilitaba financiar e/ou cofinanciar bolsas e contratos de investigación con cargo ao concepto “investigación científica (649)”, en que se considera que « *Se ben non convén esquecer que as bolsas e axudas de carácter xeral deberán ser financiadas con cargo a créditos do capítulo IV “Transferencias Correntes”, non é menos certo que as que están esencialmente orientadas ao labor investigador poderían ser susceptibles de imputación a créditos específicos do artigo 64 “Gastos en investimentos de carácter inmaterial”».*

O anterior argumento inspirou o punto 10 da base 15ª do orzamento de 2006, que permite imputar e financiar bolsas e contratos necesarios para a investigación con cargo ao concepto 649.00. Dado que se faculta a facer este uso desta partida aos departamentos, como órganos responsables da investigación, non consideramos desexable excluír esa posibilidade para o caso das partidas que, dentro do mesmo artigo 64, corresponden aos contratos, convenios e proxectos de investigación nos que se concreta tal actividade investigadora. Asemade, consideramos que, se ben as bases do orzamento permitirían a instrumentación destas bolsas e contratos a través do concepto 649.00, tras a redistribución procedente doutras partidas do mesmo artigo, tal procedemento sería contrario ao principio de eficiencia que debe rexer a xestión pública.

En base ao anterior, veño en ditar a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Autorizar, logo do informe favorable da vicerreitora de Investigación e da Asesoría Xurídica, a imputación e o financiamento de bolsas e contratos de investigación con cargo ao artigo 64, durante o exercicio económico 2006.

Disposición final.- A presente instrucción entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

A Coruña, 7 de febreiro de 2006

Asdo.: Angel S. Fernández Castro  
Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica